

Expd.- 429/449

**DESTINATARIO
MESA DE CONTRATACION****ASUNTO:****VALORACION DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “ PROPOSICION
AVAILABLE MEDIANTE XUICIO DE VALOR”) PARA A CONTRATACION POLO
PROCEDEMENTO ABERTO DA:**CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO DO
APARCADOIRO PUBLICO DA PRAZA DE PORTUGAL POR PROCEDEMENTO ABIERTO**INFORME:**

A mesa de contratación celebrada o pasado **24 de Novembro de 2015**, realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación da concesión de xestión do servizo, dando traslado da documentación presentada no sobre B “ proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a seguir.

- 1.- CONTINENTAL PARKING
- 2,-EMPARK
- 3,- INTERPARKING
- 4,- SABA
- 5,- UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA.

REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA CLUSULA 14^a
B DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA
LICITADOR NO SOBRE “B”

**1.-PROXECTO BÁSICO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DO
APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL**

Reunirá os seguintes **requisitos:**

- Deberá estar asinado por técnico competente.
- Deberá desenvolver o anteproxecto de obras aprobado pola Xunta de Goberno Local.
- Incluirá a documentación detallada na cláusula 3 do PPT.

A documentación aportada polos ofertantes, no que corresponde a os contidos de proxecto básico, axustase a este apartado e reúne toda a documentación requirida na cláusula 3 do PTT.

2.- PLAN DE XESTIÓN

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 1 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

O seu contido se axustará ó previsto na cláusula 16.1 deste prego. Se deberá ter en conta que o contido do plan de xestión non deberá incluír datos dos que se poida deducir algún dos aspectos recollidos na cláusula 16.2 deste prego entre os criterios avaliábeis mediante fórmula.

A **documentación** incluída neste sobre deberá cumprir os seguintes **requisitos**:

- Se presentará unha copia en papel e outra en formato dixital (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeis e impresión.

A Mesa, en resolución motivada, **excluirá** da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas na cláusula 16.2 deste prego.
- Que o proxecto básico non se axuste ó anteprojecto aprobado polo órgano de contratación.
- Que o presuposto do proxecto básico excedese en máis dun 10% do consignado no anteprojecto aprobado en data 9 de xaneiro pola Xunta de Goberno Local.
- A falta de presentación dos documentos esixidos.
- Que non se axuste ó disposto no prego de prescricións técnicas.

1.1.- Valoración do Plan de xestión: se valorará con ata **30 puntos**

Se valorará tendo en conta os seguintes **apartados**:

1º.- Memoria do proxecto básico: se valorará con ata **15 puntos**

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes subapartados:

- a) **Propostas que supoñan un incremento da funcionalidade, accesibilidade e mellora da circulación respecto ó anteprojecto:** se valorará con ata **4 puntos**.
- b) **Solucións propostas en relación a utilización de elementos de baixo consumo que reduzan os consumos enerxéticos e actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera que melloren os previstos no anteprojecto de obras:** se valorará con ata **4 puntos**.
- c) **Propostas de distribución e dimensión de espazos de aparcamento respecto aos previstos no anteprojecto de obras:** se valorará con ata **4 puntos**.
- d) **Propostas de ordenación e ubicación dos diversos sistemas de pago e control de seguridade respecto aos previstos no anteprojecto de obras:** se valorará con ata **1,5 puntos**.
Se valorarán as propostas e solucións adoptadas no proxecto básico que incidan positivamente no funcionamento da explotación e uso do



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 2 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

servizo, en aspectos tales como a distribución dos puntos de pago, os sistemas de control e seguridade.

e) **Propostas tecnolóxicas orientadas á mellora do servizo e da información municipal:** se valorará con ata **1,5 puntos**.

Se valorarán as melloras tecnolóxicas en relación a instalación de sistemas tecnolóxicos que melloren a información sobre o funcionamento e dispoñibilidade de uso dos espazos do aparcamento, e que proporcionen ó Concello maior información e control sobre a ocupación, mantemento e rendibilidade das instalacións e da concesión.

2º.- Programa de mantemento, conservación e reposición das instalacións: se valorará con ata **15 puntos**

O proxecto deberá conter as medidas que ao efecto se van a aplicar durante o período concesional co fin de manter o aparcadoiro e as instalacións en perfecto estado ata a súa reversión ao Concello.

O programa deberá describir as operacións necesarias para acadar os obxectivos sinalados, que abranguerá como mínimo as seguintes:

- **Limpeza.**
- **Arranxo e reposición.**
- **Conservación extraordinaria.**

A **presentación da documentación relativa ós criterios avaliábles mediante xuízo de valor** deberá cumprir os seguintes **requisitos**:

- Se presentará un único arquivo dixital para cada un dos apartados, cun máximo de 60 follas por unha cara (na cuantificación destes documentos se terán en conta todos as follas que os compoñan, incluíndo índices, caratulas, gráficos, e demais follas incorporadas). Cada un dos dous arquivos dixitais non deberán superar os 10 MB de tamaño.
- A denominación de cada un dos arquivos deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres); sobre B; apartado correspondente á documentación do arquivo.

Cando a documentación de algún dos apartados anteriores non cumpra cos requisitos de tamaño máximo de arquivo, ou nº máximo de follas, non se procederá a súa valoración técnica e outorgaráselle 0 puntos.

A **puntuación dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor** será outorgada seguindo as seguintes **regras**:

- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que o desenvolvan cun alto grado de detalle, e coa representación gráfica adecuada.
- Descontarase un 30 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non conteñan un desenvolvemento detallado do



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 3 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS
E EUROPEOS**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expd.- 429/449

mesmo. Esta valoración poderá ser minorada nun 15 % máis, por cada un dos subapartados previstos no correspondente apartado e non desenvolto, ou no caso de que o seu contido non se adecúe ó previsto. Os descontos previstos neste apartado serán acumulativos, non podendo superar o desconto á máxima puntuación do criterio a avaliar.

- A puntuación será de 0 (cero) puntos nos seguintes supostos:
 1. Cando as propostas realizadas non garden relación co contido do apartado obxecto de avaliación.
 2. Se inclúan aspectos contraditorios que non permitan a súa valoración.
 3. Se non recollen ningunha aportación a maiores das establecidas no anteprojecto de obra.

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, de seguir detállase a valoración realizada para cada unha das empresas licitadoras.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 4 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

(SOBRE B “ PROPOSICION AVAILABLE MEDIANTE XUIZO DE VALOR”)**Empresa: CONTINENTAL PARKING**

1º.- Memoria do proxecto básico: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 9,27 , Mb y 60 follas, polo que non se supera o limite máximo de peso e extensión máximos recollidos nas FCC para este apartado. Se valorará con ata **15 puntos**

Presuposto de execución material: 785.854,43 €uros

Presuposto de contrata +IVE:1.131.551,80 €uros

Prazo de execución: 5 meses

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes subapartados:

a) Propostas que supoñan un incremento da funcionalidade, accesibilidade e mellora da circulación respecto ó anteproxecto: se valorará con ata **4 puntos**.

Descríbese na proposta presentada unha explicación no aspecto de tráfico rodado no interior, propondo o cambio de sentido, mantendo os accesos e saídas hacia a vía pública existentes, por consideralas mas idóneas. Centra o seu estudio na conexión fundamental do aparcamento coa praza superior e o eixe coa rúa Uruguay. Dita proposta presentada atopase acompañada de planos que describen a súa funcionalidade.

A proposta circulatoria no seu interior, trata de evitalos atrancos xa que plantexa a circulación rotatoria e a proposta presentada incide na mellora da circulación e funcionalidade. Considerando que a proposta presentada mellora a indicada no anteproxecto.

No que respecta a accesibilidade tanto nos planos como na memoria, propón alternativas que melloran a accesibilidade dende o exterior o interior do aparcamento, pero botase en falta que no criterio de accesibilidade no interior, non existe continuidade nos percorridos peonís

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, o conter memoria e planos que definen tanto a funcionalidade como na circulación no interior do aparcadoiro. No que respecta a accesibilidade non existe unha descrición detallada que determine as melloras neste aspecto no interior, xa que os accesos peonís non son continuos, polo que se reduce a puntuación en un15%, polo que acada un puntuación de **3,40 puntos***

b) Solucións propostas en relación a utilización de elementos de baixo consumo que reduzan os consumos enerxéticos e actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera que melloren os previstos no anteproxecto de obras: se valorará con ata **4 puntos**.

Describen as propostas para incremento da eficiencia enerxética, propondo efectuar un maior aproveitamento da luz natural baseándose no incremento de zonas acristaladas, propoñendo a construción de balaustradas reguladas, a súa vez propónse a substitución de luminarias por outras de baixo consumo. Prevese a instalación de captadores solares para minimizar o consumo, e así tratar de reducir a emisión global do CO2, a atmosfera.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 5 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

Na ventilación propónse a utilización dun sistema híbrido que combine a ventilación natural coa forzada. Que non se atopa cun desenvolvemento desenrolado.

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, pero non desenvolve convenientemente os aspectos redución da emisión de contaminantes, así como sistema de ventilación polo que se propón a redución dun 15% de criterio neste apartado acadando una puntuación máxima de **3,40 puntos**.*

c) Propostas de distribución e dimensión de espazos de aparcamento respecto aos previstos no anteprojecto de obras: se valorará con ata **4 puntos**.

Aportan unha solución con desenrolo detallado de distribución dos espazos adicados a aparcamento, tanto dende os aspecto de memoria como tamén se recollen ditos espazos nos planos aportados. Pero non consta unha descrición detallada en canto as dimensións dos espazos adicados a o uso de aparcamento.

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Polo que se considera que non existe un desenvolvemento detallado dos puntos indicados no apartado polo que redúcese a puntuación en un 30%. Alcanzando unha puntuación de **2,80 puntos**.*

d) Propostas de ordenación e ubicación dos diversos sistemas de pago e control de seguridade respecto aos previstos no anteprojecto de obras: se valorará con ata **1,5 puntos**.

Se valorarán as propostas e solucións adoptadas no proxecto básico que incidan positivamente no funcionamento da explotación e uso do servizo, en aspectos tales como a distribución dos puntos de pago, os sistemas de control e seguridade, mediante sistema antiintrusión con CCTV, cos sensores correspondentes

Presentase na proposta un desenrolo detallado das formas de pago, así como control de acceso a aparcamento,

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase que non se desenrola convenientemente a posibilidade de novas tecnoloxías, polo tanto debe de reducirse a puntuación nun 15%. Polo que a puntuación que acada por este concepto e de **1,275 puntos**.*

e) Propostas tecnolóxicas orientadas á mellora do servizo e da información municipal: se valorará con ata **1,5 puntos**.

Se valorarán as melloras tecnolóxicas en relación a instalación de sistemas tecnolóxicos que melloren a información sobre o funcionamento e dispoñibilidade de uso



Expd.- 429/449

dos espazos do aparcamento, e que proporcionen ó Concello maior información e control sobre a ocupación, mantemento e rendibilidade das instalacións e da concesión.

Proponse escuetamente a execución dun sistema de guiado para ubicalos vehículos nas prazas diminuindo o percorrido no interior do aparcamento, pero non existe un desenrolo detallado en canto a novas tecnoloxías e posible información cara o exterior, así como tampouco cara unha maior información a o concello.

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Polo que se considera que debe de reducirse un 30% da puntuación, por non existir un desenrolo detallado. Sendo a puntuación neste apartado de **1,05 puntos**.*

2º.- Programa de mantemento, conservación e reposición das instalacións: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 8,15, Mb y 60 follas, pólo que non se supera o limite máximo de peso e extensión máximos recollidos nas FCC para este apartado. **Se valorará con ata 15 puntos**

O proxecto deberá conter as medidas que ao efecto se van a aplicar durante o período concesional co fin de manter o aparcadoiro e as instalacións en perfecto estado ata a súa reversión ao Concello.

O programa deberá describir as operacións necesarias para acadar os obxectivos sinalados, que abranguerá como mínimo as seguintes:

- **Limpeza.**
- **Arranxo e reposición.**
- **Conservación extraordinaria.**

Plantexan un plan de limpeza integral tanto das instalacións, propondo unha periodicidade nese aspecto, propoñen escoitar a clientes pero non se describe nin desenrolo a forma como o van a efectuar. Tampouco existe un desenrolo detallado en canto a controles microbiolóxicos.

Presentan unha descrición detallada, que recolle apartados como o estrutura organizativa dos recursos humanos propostos para o desenrola da actividade, proponse tamén planes de mantemento preventivo e correctivo, en canto as instalacions, así commo descricion en canto a o contido do propio edificio, fixando un plan de visualización e intervención.

Non presentan ningún tipo de descrición detallada para o subapartado de conservación extraordinaria, .

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS
E EUROPEOS**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expd.- 429/449

*Considerase un desenvolvemento detallado de funcionamento da actividade pero non existe un desenrolo detallado en canto a controles microbiolóxicos nin tampouco se plantaxa ningún tipo de desenrolo no subapartado de conservación extraordinaria. Polo que considero que deberá de reducirse a puntuación un 15% de cada un dos subpartados da puntuación máxima. Quedando a puntuación total neste apartado en **10,50 puntos***



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 8 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

(SOBRE B “ PROPOSICION AVAILABLE MEDIANTE XUIZO DE VALOR”)

Empresa: EMPARK

1º.- Memoria do proxecto básico: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,47, Mb y 50 follas, pólo que non se supera o limite máximo de peso e extensión máximos recollidos nas FCC para este apartado. Se valorará con ata **15 puntos**

Presuposto de execución material: 755.066 €uros

Presuposto de contrata +IVE: 1.087.220 €uros

Prazo de execución: 4 meses e medio

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes subapartados:

a) Propostas que supoñan un incremento da funcionalidade, accesibilidade e mellora da circulación respecto ó anteprojecto: se valorará con ata **4 puntos**.

Presenta unha memoria acompañada de planos con alto grado de descrición das propostas que plantexan, xustificando tanto graficamente como a nivel de memoria as propostas de funcionalidade no interior, aportando e xustificando as medidas que se plantexan para mellorar todos os subapartados desde punto a valorar, efectuando unha descrición tanto gráfica como de memoria das propostas que se plantexan, proposta de ramplas para accesibilidade y proposta de circulación peonil no interior do aparcamento, mediante cartelería.

Como medida accesoria para funcionalidade da conexión entre r/ Uruguay e praza de Portugal propoñen a execución de unha escaleira mecánica paralela a escaleira a construír no lateral esquerdo da rúa Uruguay, sen especificar neste apartado o posible mantemento e conservación da mesma.

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, o conter memoria e planos que definen tanto a funcionalidade como da accesibilidade, polo que acada a puntuación máxima neste apartado **4 puntos***

b) Solucións propostas en relación a utilización de elementos de baixo consumo que reduzan os consumos enerxéticos e actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera que melloren os previstos no anteprojecto de obras: se valorará con ata **4 puntos**.

Presentan un descrición detallada do sistema de renovación de aire proposto, con ventiladores de 2 velocidades baseándose na necesidade de satisfacer caudais, polo que preveen unha redución de consumo e ruído no interior do local. En canto a iluminación preveen o reemplazo de luminarias existentes por outras de baixo consumo tipo leds, indicando que estes teñen maior eficacia enerxética e maior vida útil o que significa un aforro, acompañando a elo un sistema de detección de presenza.

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 9 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

*Considerase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, pero non desenvolve convenientemente os aspectos redución da emisión de contaminantes, polo que se propón a redución dun 15% de criterio neste apartado acadando una puntuación máxima de **3,40 puntos**.*

c) Propostas de distribución e dimensión de espazos de aparcamento respecto aos previstos no anteproxecto de obras: se valorará con ata **4 puntos**.

Presentan un desenvolvemento detallado tanto en memoria como en planos da proposta de distribución así como memoria descritiva da relación das prazas propostas xustificando as dimensións de cada grupo delas, así como a ubicación no interior, xustificando tamén a posible ubicación en función as posibles necesidades, acompañando para elo descrición incluso fotográfica que reflexa as características propostas.

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, o conter memoria e planos que definen tanto a funcionalidade como da accesibilidade, polo que acada a puntuación máxima neste apartado **4 puntos***

d) Propostas de ordenación e ubicación dos diversos sistemas de pago e control de seguridade respecto aos previstos no anteproxecto de obras: se valorará con ata **1,5 puntos**.

Presentan un desenrolo detallado tanto na memoria como a ubicación en planos dos sistema de pago, constatando que todo sistema de pago deberá de efectuarse por medio de un solo sistema, tratado a través de tecnoloxía de aparatos smarphone, sin que se prevea outro tipo, tampouco existe un desenrolo no aspecto de seguridade, simplemente se enumera a posibilidade de reforzos de cámaras

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase que non desenrola conveniente todas as posibilidades de cobro que poidan efectuarse, polo que se considera que a proposta presentada non contem un desenvolvemento detallado polo tanto debe de reducirse a puntuación nun 30%. A súa vez o non prever ningún outro tipo de pago deberá de deducirse do total un 15% por este subapartado. Polo que a puntuación que acada por este concepto e de **0,825 puntos**.*

e) Propostas tecnolóxicas orientadas á mellora do servizo e da información municipal: se valorará con ata **1,5 puntos**.

Se valorarán as melloras tecnolóxicas en relación a instalación de sistemas tecnolóxicos que melloren a información sobre o funcionamento e dispoñibilidade de uso dos espazos do aparcamento, e que proporcionen ó Concello maior información e control sobre a ocupación, mantemento e rendibilidade das instalacións e da concesión.

Propoñen unha amplía descrición tanto na memoria como na gráfica, dun sistema de guiado polo interior do aparcadoiro, mediante dispositivos ou carteis dixitais, dun sistema de xestión de prazas, propón a utilización dun sistema de xestión, que permite informar do uso do citado aparcamento



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2015 13:50

Páxina 10 de 21

Expediente 429/449

Código de verificación: 2EEA3-EEAEA-553CA-4CBBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expd.- 429/449

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase que non se desenrola detalladamente a posibilidade de mellorar o servizo de información que pode o concello efectuar momentaneamente, toda vez que non se prevee unha interconexión co sistema de xestión. Polo que considero que debe de reducirse a puntuación por este criterio nun 15%. Polo que a puntuación que acada por este concepto e de de **1,275 puntos**.*

2º.- Programa de mantemento, conservación e reposición das instalacións: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,92, Mb y 51 follas, pólo que non se supera o límite máximo de peso e extensión máximos recollidos nas FCC para este apartado. **Se valorará con ata 15 puntos**

O proxecto deberá conter as medidas que ao efecto se van a aplicar durante o período concesional co fin de manter o aparcadoiro e as instalacións en perfecto estado ata a súa reversión ao Concello.

O programa deberá describir as operacións necesarias para acadar os obxectivos sinalados, que abranguerá como mínimo as seguintes:

- **Limpeza.**
- **Arranxo e reposición.**
- **Conservación extraordinaria.**

Plantexan escuetamente un programa de limpeza, que efectuarán a través de persoal propio, aportan un cadro no que se reflicta os elementos suxeitos a limpeza. Polo que se considera que neste apartado non existe unha descrición detalla da función de limpeza, como tampouco non existe descrición detallada en canto a controles microbiolóxicos.

En canto a o subapartado de Arranxo e reposición aportan na memoria un desenrolo detallado de as actuacións a efectuar tanto preventivas como correctivas de tódolos elementos que configuran tanto o continente como o contido da instalación, describindo as funcións a executar tanto no aspecto preventivo como nas intervencións necesarias. E desenrolando tamén un mantemento correctivo, co correspondente control sobre das intervencións efectuadas.

En canto a conservación extraordinaria, aportan un breve esquema que plantexa auditorías e informes, reposición de equipos e unha limpeza integral de fachada sen determinar a súa periodicidades, .

XUSTIFICACION DA PUNTUACION OTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase un desenvolvemento detallado de funcionamento da actividade pero non existe un desenrolo detallado en canto a os controles microbiolóxicos e no subapartado de conservación extraordinaria non existe ningún desenrolo detallado sobre de medidas concretas que poida considerarse como unha conservación extraordinaria, xa que os apartados indicados neste aspectos son meros traballos de conservación . Polo que considero que deberá de reducirse a puntuación un 15% de cada un dos subapartados da puntuación máxima. Quedando a puntuación total neste apartado en **10,50 puntos***



Expd.- 429/449

(SOBRE B “ PROPOSICION AVAILABLE MEDIANTE XUIZO DE VALOR”)**Empresa: INTERPARKING**

1º.- Memoria do proxecto básico: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1.46, Mb y 26 follas, pólo que non se supera o limite máximo de peso e extensión máximos recollidos nas FCC para este apartado. Se valorará con ata **15 puntos**

Presuposto de execución material: 797.588,29 €uros

Presuposto de contrata +IVE: 1.148.447,38 €uros

Prazo de execución: 5 meses

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes subapartados:

a) Propostas que supoñan un incremento da funcionalidade, accesibilidade e mellora da circulación respecto ó anteproxecto: se valorará con ata **4 puntos**.

